



Club Olímpico de Vedra

CIF G70007513. S. Fins de Sales s/n. 15885 Vedra (A Coruña) - www.olimpicodevedra.org
contacto: teléfono 647534452 - olimpicodevedra@hotmail.com

COMUNICADO DO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA RELATIVO AO OCEAN LAVA GALICIA- DÚATLON CONCELLO DE VEDRA .- (CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DÚATLON CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS)

Reunida a Xunta directiva do Club Olímpico de Vedra, e tras as conversacións mantidas coa administración e co Concello de Vedra, tómase a ardua decisión de non organizar no presente ano 2021 o OCEAN LAVA GALICIA- DÚATLON CONCELLO DE VEDRA .- (CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DÚATLON CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS), celebración que estaba calendarizada para o vindeiro 17 de outubro no Concello de Vedra.

Esta decisión consensuada, tómase motivada entre outros, pola dificultade para celebrar a proba en niveis semellantes aos de anteriores edicións, debendo efectuarse unha redución significativa dos equipos participantes, e tendo en conta as dificultades que entraña garantir o cumprimento dos protocolos fronte a Covid 19.

Dende o Club lamentamos os inconvintes que esta decisión poida ocasionar, e agardamos e mantemos a ilusión de que dita proba poida ter lugar no próximo 2022, permitíndonos a pandemia recuperar a normalidade no desenvolvemento da proba.

Vedra, 8 de setembro de 2021.

Fdo. M^a Candelaria García

Presidenta Club Olímpico de Vedra

